

As novas tecnoloxías forman parte do noso presente. Hoxe en día mozos e mozas viven, socialízanse e medran nun espazo virtual. Internet é o eterno acompañante na nosa vida diaria: no bar, na praia, nunha viaxe, etc. As vivencias persoais expóñense ao público e a intimidade das parellas socialízase. O estado sentimental do noso perfil sería o primeiro elemento que mistura rede social con afectividade e relacións; os estados dedicados; as fotos de perfil conxuntas e un cúmulo de comentarios máis acaban convertendo unha comunicación de dous, nunha comunicación social.

O mundo das redes sociais é un mundo de portas abertas con aspectos moi positivos pero que tamén favorece a aparición de moitas problemáticas. Permite coñecer en todo momento onde vai a persoa, que está a facer, con quen está a falar, que está a

decir..., convértese nun lugar de encontros e desencontros, chegando nalgúns casos, máis dos que pensamos, a ser a antesala dunha relación violenta, unha relación de dominio ou unha manifestación clara do exercicio da violencia psicolóxica na parella.

Este novo tipo de violencia golpea especialmente ás mulleres menores de idade e baséase, principalmente: no acoso sexual por parte de descoñecidos a través de facebook, tuenti e, no control que chegan a exercer as parellas destas mulleres no seu teléfono móbil e nos seus contactos na rede. Na maioría dos casos a muller sofre unha violencia que aínda que non chegue a materializar as ameazas ten unhas consecuencias psicolóxicas moi graves.

QUE O MEDO NON CHE IMPIDA
VER OUTRO FUTURO

FORMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NAS REDES SOCIAIS

- Sextorsión.
- Violencia verbal (insultos, desprecios, etc) en redes sociais, chats, blogs, e-mail, webs, etc.
- Escalada dun enfrontamento online a violencia física real.
- Acceso ilegal a perfis en redes sociais para humillar ou para realizar algunha outra acción contra a muller, calificable como violencia.
- Ameazas, coaccións e outros cibercrimes semellantes, efectuados online ou por SMS.
- Ciberbullying.
- Ciberacoso (sexual ou non).
- Publicación de fotos de ex-noivas espidas con ou sen comentarios humillantes.
- Publicación de fotos roubadas de mulleres.
- Outros tipos de violacións da privacidade en relación coas TIC, por exemplo: uso de cámaras ocultas entre parellas, GPS, etc.
- Uso de teléfonos móbiles para controlar e vixiar a mulleres vítimas de violencia machista por parte dos seus agresores
- Explotación sexual online.
- Exhibicionismo online: obrigal a ver imaxes sexuais propias, por exemplo vía webcam
- Captación online de mulleres para a trata.
- A redifusión: reenvío de calquera destas accións.

DECÁLOGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NAS REDES SOCIAIS

- 1 Toda acción na vida real ao igual que na vida virtual ten consecuencias: amosa sentido común!.
- 2 Se sofres algún tipo de acoso na rede, non cales, non silencias o teu problema: pide axuda a tempo!.
- 3 Denuncia e condena os contidos machistas na rede.
- 4 Nas túas relacións non te *en-redes*, as cuestións sentimentais resólvense mellor en persoa.
- 5 Ten en conta que todo o que publíques na rede, queda na rede: coida a túa imaxe.
- 6 Comunícate na rede como persoa, sen estereotipos machistas.
- 7 Non fagas nunca en internet o que non farías na vida real.
- 8 Distingue sempre entre o virtual e o real.
- 9 Sé crítica e crítico cos modelos de masculinidade e feminidade que hai na rede: fomenta a igualdade!.
- 10 Distingue entre rede social e rede real: Analiza todo dende unha perspectiva crítica!.

RECURSOS A TÚA DISPOSICIÓN

Departamento de Servizos Sociais Municipais	981 433 288
Centro de Saúde	981 430 999
Policía Nacional	091
Garda Civil	981 430 091
Protección Civil	112 SOS Galicia
Teléfono da Muller	900 400 273
Centro de Emerxencias para mulleres vítimas de violencia de xénero	661 402 702
Secretaría Xeral de Igualdade	981 545 660

WEBS DE INTERESE

www.cuidatuimagenomline.com
Internet-grooming.net
www.sexting.es
www.sextorsion.es




CONCELLO DE PONTEDEUME
CONCELLERIA DE SERVIZOS SOCIAIS

Avda. Do peirao s/n
15600 Ponte deume- A Coruña
Teléfono 981 433 288
www.pontedeume.es
sercizossociais@pontedeume.es

A VIOLENCIA DE XÉNERO NAS **REDES SOCIAIS**

#di**NON**aociberacoso



Que o medo non che impida ver outro futuro.

DÍA INTERNACIONAL DE LOITA
CONTRA
A VIOLENCIA DE XÉNERO

25.11.2015